

A N U N C I O

Transcorrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 165 de data 29 de agosto de 2011 do anuncio relativo a aprobación inicial da “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por expedición de certificacións de natureza catastral polos servizos municipais do Punto de Información Catastral (P.I.C.)”, sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tenor literal seguinte:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE CERTIFICACIÓNS
DE NATUREZA CATASTRAL POLOS SERVIZOS MUNICIPAIS NO P.I.C.
(PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL)**

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e pos os arts. 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e tendo en conta que o Concello foi autorizado pola Dirección Xeral do Catastro –de conformidade coa súa normativa propia e con observancia da mesma- a establecer P.I.C. (Puntos de Información Catastral) de carácter comarcal nas súas oficinas, o propio Concello establece a Taxa por Expedición de Documentos Administrativos en materia catastral, en cuxas normas se aten ao establecido no art. 131 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, en relación co art. 20.4 do mesmo Texto Legal, así como con observancia dos arts. 61 a 69, ambos inclusive do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

ARTIGO 2.—OBXECTO

A taxa por expedición de certificacións de natureza catastral é un tributo municipal que grava a expedición de documentos polos Servizos que a tales efectos implantou o Concello, a petición de parte.

ARTIGO 3.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de expedición de Documentos Administrativos en materia catastral polos Servizos do Concello, a instancia de parte, das certificacións nas que figuren datos que consten no Catastro Inmobiliario e copias de documentos seguintes:

- a) Certificacións catastrais literais.
- b) Certificacións catastrais descritivas e gráficas.
- c) Certificacións catastrais negativas.
- d) Certificacións de datos obrantes en padróns catastrais.
- e) Copia cartográfica en papel opaco DIN A3/A4

ARTIGO 4.—SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos da taxa de expedición de Documentos Administrativos en materia catastral as persoas naturais e xurídicas, e as comunidades e entidades sen personalidade ás que se refire o artigo 9.3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro, que soliciten o correspondente documento ou certificación catastral.

ARTIGO 5.—DEVENGO

A taxa devengarase no momento da entrega do documento acreditativo solicitado polo suxeito pasivo, sen prexuízo da posibilidade de esixir o seu depósito previo.

ARTIGO 6.—BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravamen a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coas seguintes tarifas:

- a) Certificacións catastrais literais de bens inmobles urbanos ou rústicos: 4 €/ documento. (4 € por cada un dos inmobles a que se refira o documento.)
- b) Certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou parcela rústica: 15 €/documento
- c) Certificacións catastrais negativas de bens: 1 €
- d) Certificacións de datos obrantes en padróns catastrais: 3 €/documento.
- e) Copia cartográfica en papel opaco DIN A3/A4: 8 € / unidade.

ARTIGO 7.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederán mais exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

ARTIGO 8.—LIQUIDACIÓN E XESTIÓN

A taxa será obxecto de liquidación, no momento da solicitude do servizo, polos Servizos correspondentes do Concello que expidan as certificacións ou os documentos.

O importe do recadado por esta Taxa será parte integrante do Orzamento de Ingresos do Concello.

ARTIGO 9.—PAGO

O pago das taxas realizarase en efectivo, a cuxos efectos se proporcionará polo Concello o correspondente documento de ingreso, e deberá xustificarse no momento da entrega do documento acreditativo solicitado polo suxeito pasivo.

ARTIGO 10.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infraccións e sancións, estarase ao previsto no Título IV da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto na presente Ordenanza, estarase ao disposto en Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, Lei Xeral Tributaria e polas disposicións e normas que as desenvolvan ou complementen.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Autorízase ao Sr/ Sra. Alcalde/sa-Presidente/ta para ditar cantas instrucións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP de Pontevedra.

Silleda, a 4 de outubro de 2011.—A Alcaldesa-Presidenta, Paula Fernández Pena.

2011009815

ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE**A N U N C I O**

A Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive en sesión do 28 de setembro de 2011 aprobou as seguintes:

BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS POLAS COMUNIDADES DE AUGAS NO EXERCICIO 2011.

As presentes bases, que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para a execución de obras polas comunidades de augas no ano 2.011, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), Regulamento para Concesión de Subvencións da Entidade